



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Entrada _____
Saída **936**
Data **10 XULL. 2013**

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 09/07/2013 o secretario xeral para o Deporte ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

“RESOLUCIÓN DO 9 DE XULLO DE 2013, DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, POLA QUE SE AUTORIZA A CONSTITUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN E SE ACORDA A SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Con data 5 de maio de 2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 14 de abril de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se procede ao recoñecemento da modalidade deportiva de Orientación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO: Con data 26 de xuño de 2013 tivo entrada no rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte a solicitude presentada por D. Alberto Arufe Varela de autorización administrativa para a constitución, por creación ex novo, da Federación Galega de Orientación.

FUNDAMENTOS DE DEBIDO

PRIMEIRO: O artigo 5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece que lle corresponde á Administración autonómica o exercicio das seguintes competencias: “g) *Autorizar ou denegar a constitución das entidades deportivas previstas nesta lei, así como revogar, de ser o caso, a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia*”. Así mesmo e segundo o artigo 54.1 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, “*Correspóndelle á administración deportiva autonómica autorizar e revogar a autorización da constitución das federacións deportivas galegas e a aprobación dos seus estatutos e regulamentos de réxime interno.*”

SEGUNDO: A autorización para a constitución dunha federación deportiva regúlase no artigo 54 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:

“A autorización da constitución dunha federación deportiva esixe, con carácter previo, que a Administración deportiva recoñeza a existencia dunha modalidade deportiva nos termos desta lei.

Para a autorización da constitución dunha federación deportiva teranse en conta os seguintes elementos:

- a) *Existencia dunha modalidade recoñecida.*
- b) *Interese xeral da actividade deportiva*
- c) *Suficiente implantación en Galicia*
- d) *Viabilidade económica da nova federación.*

O procedemento administrativo para a autorización da constitución dunha federación deportiva galega iníciase mediante solicitude dos interesados, á que se lle deben xuntar os seguintes documentos.

- a) *Para a constitución dunha nova federación deportiva ex novo, a iniciativa corresponderalles a representantes de, como mínimo, trinta clubs deportivos con domicilio social en Galicia, constituídos en xunta promotora, e xustificáranse os requisitos aos que se refire a alínea anterior. Esta proposta terá o carácter de acta fundacional e deberá outorgarse ante notario.*
- b) *Proxecto de estatutos que van rexer o funcionamento da federación.*



Examinados os anteriores documentos e cumpridos os demais requisitos previstos nas normas legais e regulamentaria, a Administración deportiva ditará resolución pola que autoriza a constitución da federación correspondente e aproba provisionalmente os estatutos que deberán ser ratificados ou enmendados, con fin de incorporar as modificacións da Administración deportiva, na primeira asamblea da federación.

Para a validez da súa constitución deberá inscribirse no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. As federacións deportivas galegas adquirirán personalidade xurídica coa súa inscrición.(...)"

TERCEIRO: Á vista da solicitude e examinada a documentación aportada no procedemento compróbase que a mesma da cumprimento a tódolos requisitos esixidos pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia para a constitución da Federación Galega de Orientación, acreditándose así mesmo o interese xeral da actividade deportiva, a suficiente implantación en Galicia e a viabilidade económica da nova federación. Os estatutos aportados axústanse ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e demais normativa aplicable.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Autorizar a constitución da Federación Galega de Orientación

SEGUNDO: Ratificar os estatutos e acordar a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia da **FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN**, co N° DE REXISTRO **F-11633**

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente Resolución.

Segundo o disposto no artigo 54.7 da Lei do deporte de Galicia os estatutos das federacións deportivas galegas e as súas modificacións publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, logo da aprobación destes pola Administración autonómica no prazo de tres meses dende a súa presentación no rexistro. Santiago de Compostela, a 9 de xullo de 2013. **O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE** José Ramón Lete Lasa."

Santiago de Compostela, a 9 de xullo de 2013

O subdirector xeral de Xestión Deportiva

Carlos Gómez Martínez

SR. PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALLEGA DE ORIENTACIÓN